

Excmo. Sr.:

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo, informa o seguinte:

1°.- Que o 10 de maio de 1957, foi aprobado o Consorcio do monte "MONTEIRO", LU-3089, que, como pertencente ós veciños da parroquia de Corneás, subscribiran o Concello de Baleira e o Patrimonio Forestal do Estado:

2°.- Que dentro do perímetro do citado monte inclúese unha superficie de 12 Hás. propiedade de D. MANUEL RAMOS FERNÁNDEZ, con D.N.I. n° 33.319.121. domiciliado no lugar de Valín Folgueiro, ubicado na citada parroquia e termo municipal.

3°.-Que o 15 de xaneiro do ano en curso D. MANUEL RAMOS FERNANDEZ, dirixíuse á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes propoñéndolle a sinatura dun Convenio que inclúa as 12 Hás. da súa propiedade, repoboadas como monte "MONTEIRO", LU-3089, e 5 Hás.rasas, na actualidade, que aporta de novo.

4°.- Que o 8 de febreiro esta Xefatura puxo o feito en coñecemento do Concello de Baleiras, co rogo de que mostrase a súa conformidade ou disconformidade con que do monte "MONTEIRO", LU-3089, se segregasen 12 Hás. que pasarían a conveniarse directamente co Sr. Ramos Fernández.

5°.- Que en sesión celebrada o 22 de Febreiro a Comisión do Goberno do Concello de Baleira deu a súa conformidade a elo.

6°.- Que en consecuencia, o novo monte "VALÍN FOLGUEIRO E REGO DO VAL" quede constituido por:

12 Hás. do monte "MONTEIRO", LU-3089 e
5 Hás. rasas, sen consorciar.

7°.- Que o Convenio ten por obxecto, a incorporación do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do anterior Consorcio, a repoboación forestal dos terreos rasos que o propietario aporta de novo, a conservación e tratamento selvícola das masas creadas ou que se creen no futuro, o seu aproveitamento e a execución das obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes con tales fins.

8°.- Que as superficies do monte "MONTEIRO", LU-3089, eran:

superficie total	212 Hás.
superficie repoboada	210 "
superficie inforestal.....	2 "

Como os montes que se indican pasaron as seguintes superficies:

MONTE	Superficie total	Superficie repoboada	Superficie inforestal
"VALÍN CORTO E BARREIRIÑA", 2716538...	29 Has.	29 Hás.	-
"DE ALVAREDO" 2716544..	124 "	123 "	1 Hás.
"SEARA DO RIO", 2716547	19 "	19 "	-
"LAMEIRAS DA CURRADA E SEARA DAS BOUZAS", 2717506.....	12 "	12 "	-
Total	184 Hás.	183 Hás.	1 Hás.

as actuais, son:

superficie total.	28 Hás.
superficie repoboada	27 "
superficie inforestal.....	1 "

O novo Convenio pasan:

superficie total:	12 Hás.
superficie repoboada.....	12 "

e como o propietario aporta:

superficie total.....	5 Hás.
superficie rasa forestal.	4 "
superficie inforestal.....	1 "

as superficies actuais do do monte "VALIN FOLGUEIRO E REGO DO VAL", son:

superficie total.	17 Hás.
superficie repoboada.	12 "
superficie rasa forestal...	4 "
superficie inforestal	1 "

9º.- Gastos por traballos e ingresos do monte "MONTEIRO", LU-3089.

Conforme coa Certificación que se adxunta, son os seguintes:

a) Gastos por traballos:

o 31-12-1995.	7.918.275,- Ptas.
--------------------	-------------------

pasados m/"VALIN CORTO E BARREIRIÑA", 2716538	729.659,-	"
pasados m/"DE ALVAREDO, 2716544.....	3.094.760.-	"
pasados m/"SEARA DO RIO", 2716547.....	478.053,-	"
pasados o m/"LAMEIRAS DA CURRADA E SEARA DAS BOUZAS", 2717506.....	914.045,-	"
saldo actual:	2.701.758,-	"

b) Ingresos:

o 31-12-1995	1.481.520,- Ptas.	
pasados m/"VALIN CORTO E BARREIRIÑA" 2716538	49.526,-	"
pasados m/"DE ALVAREDO", 2716544.....	210.058,-	"
pasados m/"SEARA DO RIO", 2716547.....	32.448,-	"

pasados m/"LAMEIRAS DA CURRADA E SEARA DAS
BOUZAS", 2717506..... 20.494,- "

saldo actual: 1.168.994,- "

10°.- E que os gastos que por traballos, administración e gardería, así como os ingresos, que das contas do Consorcio do monte "MONTEIRO", LU-3089 pasarán a conta do Convenio do monte "VALIN FOLGUEIRO E REGO DO VAL", son:

a) GASTOS:

traballos:12Hás. x 2.701.758,- Ptas. 1.200.781,-Ptas.
27 Hás.

administración: 7,85 x 1.200.781,- Ptas.... 94.262,- "
100

gardería: 12 Hás. x 1.410,-Pts./Há. 16.920,- "

TOTAL GASTOS. 1.311.963,-Ptas.

b) INGRESOS:

12 Hás. x 1.168.994,-Ptas. 519.553,-Ptas.

27 Hás. TOTAL INGRESOS..... 519.553,-Ptas.

11°.- E que a conta de gastos do convenio do monte "VALIN FOLGUEIRO E REGO DO VAL", abriráse cun saldo de:
1.311.963,- pesetas - 519.553,- pesetas. 792.410,-Ptas.

=====

Á vista de todo isto,propoñemos a V.E.:

1°.- Que se aprobe o Convenio das seguintes características:

Nome o monte: "VALIN FOLGUEIRO E REGO DO VAL".

Elenco:2717557.

Superficie: 17 Hás.

Pertenza:D. MANUEL RAMOS FERNANDEZ.

Concello: Baleira.

A contabilizar como subvención:50%.

A contabilizar como anticipo:50%.

Interés sobre o anticipo: 1%.

Participación da Propiedade no voo creado: 70%

Participación da Consellería no voo creado: 30%

2º.- Que a conta de gastos do Convenio do monte "VALIN FOLGUEIRO E REGO DO VAL", 2717557, se abra cun saldo de 792.410,- pesetas, sen perxuizo dos gastos e ingresos que puidesen te-las contas do Consorcio do monte "MONTEIRO", LU-3089, con posterioridade á data do seu peche.

3º.- Que no sucesivo as características do monte LU-3089, sexan as seguintes:

Nome: "MONTEIRO".

Elenco: LU-3089.

Superficie: 16 Hás.

Pertenza: Veciños da parroquia de Córneas.

Concello: Baleira.

4º.- Que por pasar a conta do Convenio do monte "VALIN FOLGUEIRO E REGO DO VAL", 2717557, das contas do Consorcio do monte "MONTEIRO", LU-3089, se resten as seguintes cantidades:
gastos: 12 Hás. x 2.701.758.-Ptas.1.200.781,-Ptas.

27 Hás.

ingresos: 12 Hás. x 1.168.994.- Ptas. ... 519.553,-"

27 Hás.

Non obstante V.E. resolverá.

Santiago de Compostela, 30 de abril de 1996.

O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES E
INDUSTRIAS FORESTAIS,



Asdo.: Plácido Baamonde López.



VºB
O DIRECTOR XERAL,



Asdo.: Carlos del Alamo Jiménez.

EXCMO. SR. CONSELLEIRO DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES.-

Visto o expediente de firma dun Convenio entre a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes e D. MANUEL RAMOS FERNÁNDEZ, propietario do monte "VALIN FOLGUEIRO E REGO DE VAL", de 17 Has. e ubicado no termo municipal de Baleira (Lugo) e a vista dos informes favorables, emitidos pola Subdirección Xeral de Montes e Industrias Forestais e polo Servicio de Montes e Industrias Forestais de Lugo, esta Sección Xurídica entende que procede a aprobación do devandito convenio nos termos propostos, por axustarse ó previsto na Lei 5/1977, do Fomento da Producción Forestal, ó Real Decreto 1279/78, que aproba o seu Regulamento, e ó Decreto 69/84, polo que se deixa sen aplicación, no ámbito da Comunidade Autónoma, ó artigo 57 do devandito Real Decreto.

Santiago de Compostela, 7 de maio de 1996.

A XEFA DA SECCIÓN XURÍDICA,



Asdo. : M^a José Tato Rocha.

ILMO. SE DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.-

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola Sección Xurídica, e pola Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo.

R E S O L V O

1º.- Que se aprobe o Convenio das seguintes características:

Nome do monte: "VALIN FOLGUEIRO E REGO DO VAL".
Elenco: 2717557.
Superficie: 17 Hás.
Pertenza: D. MANUEL RAMOS FERNANDEZ.
Concello: Baleira.
A contabilizar como subvención: 50%.
A contabilizar como anticipo: 50%.
Interés sobre o anticipo: 1%.
Participación da Comunidade no voo creado: 70%.
Participación da Consellería no voo creado: 30%.

2º.-Que a conta de gastos do Convenio do mon "VALIN FOLGUEIRO E REGO DO VAL", 2717557, se abra cun saldo de 792.410,- pesetas, sen perxuizo dos gastos e ingresos que puidesen te-las contas do consorcio do monte "MONTEIRO", LU-3089, con posterioridade á data do seu peche.

3º.- Que no sucesivo as características do monte LU-3089, sexan as seguintes:

Nome: "MONTEIRO".
Elenco: Lu-3089.
Superficie: 16 Hás.

Pertenza: Veciños da parroquia de Córneas.
Concello: Baleira.

4º.- Que por pasar a conta do Convenio do monte "VALIN FOLGUEIRO E REGO DO VAL", 2717557, das contas do Consorcio do monte "MONTEIRO", LU-3089, se resten as seguintes cantidades:

gastos: 12 Hás. x 2.701.758.- Ptas..... 1.200.781.- Ptas.
27 Hás.
ingresos: 12 Hás. x 1.168.994.-Ptas. 519.553,- "
27 Hás.

Santiago de Compostela, 7 de maio de 1996.

O CONSELLEIRO,

P/D

O SECRETARIO

Asdo.: Antonio Luis Rosón Pérez.

(O. do 13-12-93)

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.-

C O N V E N I O

N.º	271	7557
-----	-----	------

En Santiago de Compostela, a de de mil novecentos noventa e

R E U N I D O S

Dunha banda, D. ~~XXXXXXXXXXXXXXX~~ Antonio Luis Rosón Pérez P/D, Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes, en virtude da ~~representación que legalmente ostenta~~ Orde do 13.12.93.

Da outra, D. **MANUEL RAMOS FERNANDEZ, con D.N.I. nº. 33.319.212 e domicilio no lugar de Valín Folgueiro, parroquia de Oórneas, municipio de Baleira**

.....
..... como representantes dos propietarios do monte **"VALIN FOLGUEIRO E REGO DO VAL"**, segundo se acredita no poder notarial que se xunta.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

E X P O Ñ E N

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

Ó abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servicios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, de 4 de xaneiro, sobre fomento da produción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279/78, de 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69/84, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexerese polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.— O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas do **10 de maio de 1.957** para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2.ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente documento.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

d) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo ós propietarios (rísquese, de non existir).

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.— Os terreos afectados polo presente Convenio son propiedade dos outorgantes do poder notarial, e son os que a continuación se describen:

Denominación: **"VALIN FOLGUEIRO E REGO DO VAL".**
Termo Municipal: **Baleira** Provincia: **LUGO**

Límites:

N.: **(Figura en folia adxunta)**

S.:

L.:

O.:

Superficie: **17 (DEZASETE) Hás.**

Estado forestal: **12 (DOCE) Hás. repoboadas; 4 (CATRO) Hás. rasas forestais e 1 (UNHA) Hás. inforestal.**

Con arborado pertencente ós propietarios do chan: **- - -**

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula: **12 (DOCE) Hás.**

Sen vexetación arbórea: **5 (CINCO) Hás.**

Servidumes: **- - -**

TÍTULO DE PROPIEDAD

Por **herianza dos seus antepasados.**

Inscrita no Rexistro da Propiedade de **- - -**

Tomo (s) **- - -** Folio (s) **- - -**

Finca (s) **- - -**

Inscrición (s) **- - -**

3ª.— O chan continuará pertencendo a **D. MANUEL RAMOS FERNANDEZ**

que achega ó convenio:

- A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.
- Os terreos descritos na cláusula segunda.
- O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).

4ª.— A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes aporta ó convenio a súa participación no voo creado e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dea lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o **cincoenta** por cento contabilizárase en concepto de subvención; o restante **cincoenta** por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do **100** por cento anual.

Así mesmo satisfará a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes o importe total que corresponda da cota empresarial da Seguridade Social Agraria. Este pagamento terá a consideración de anticipo e como tal se recolle-rá na conta do convenio.

5ª.— Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acreedor resultante de actualiza-las contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán parcial ou totalmente extinguidos. Este saldo, que será a diferenxia entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e os ingresos desta considerarase anticipo e, a partir del, aplicarase á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue: **12 Hás. do monte "MONTEIRO", LU-3089.**

6ª.— As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

7ª.— Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o **trinta** por cento será para a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e o **setenta** por cento restante, para os propietarios do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes recibirá o **-** por cento, e ós propietarios, o **-** por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes excedese do saldo acreedor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregarase o exceso ós propietarios.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade dos propietarios, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.— En caso de incendio, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuindo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.— O presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola propiedade do chan e pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes. Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes asumirá a posesión do voo que se cree, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscristible no Rexistro da Propiedade.

10ª.— A duración deste convenio será por un período de **trinta** anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, coa súa participación en beneficios que se consigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrixe o seu saldo acreedor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que sustentase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogarase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acreedor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes se cubrixe antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerarase este tacitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.— Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, se esta o precisar.

12ª.— A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será **P. pinaster e P. radiata nas soas rasas na actualidade.**

13ª.— O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes interpretará e resolverá tódalas cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

D. **CARLOS DEL ÁLAMO JÍMENEZ**, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.



Pola propiedade,


Asdo.: Manuel Ramos Fernández.

Pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes,

O CONSELLEIRO,

P/D

O SECRETARIO XERAL,



Asdo.: Antonio Luís Rosón Pérez.

(O. do 13/12/93)

MANUEL RAMOS FERNANDEZ, con D.N.I. nº. 33.319.212 y domicilio en el lugar de Valín Folgueiro, parroquia de Córneas, municipio de Baleira,

EXPONE:

Que como propietario de parcelas incluidas en el monte "MONTEIRO", LU-3089, consorciado por el Ayuntamiento de Baleira con el Patrimonio Forestal del Estado,

- propone a la Consellería de Agricultura, Gandería e Montes la firma de un Convenio que afecte a las 12 Hás. de su propiedad repobladas como parte integrante del citado monte y a 5 Hás., rasas en la actualidad, que aporta al mismo, con lo que las características del monte a conveniar serán:

Nombre: "VALIN FOLGUEIRO E REGO DO VAL".
Superficie: 17 Hás.
Límites:

PARCELA I.-

- N.- Propiedades particulares;
- E.- Propiedades particulares;
- S.- Propiedades particulares y
- O.- Propiedades particulares y monte "LAMEIRAS DA CURRADA E SEARA DAS BOUZAS", 2717506.

PARCELA II.-

- N.- Monte "MONTEIRO", LU-3089;
- E.- Propiedades particulares;
- S.- Propiedades particulares y
- O.- Propiedades particulares y monte "MONTEIRO", LU-3089.

PARCELA III.-

- N.- Monte "MONTEIRO" LU-3089;
- E.- Propiedades particulares;
- S.- Monte "MONTEIRO", LU-3089 y
- O.- Monte "DE ALVAREDO", 2716544.

PARCELA IV.-

- N.- Monte "LAMEIRAS DA CURRADAS Y SEARA DAS BOUZAS", 2717506;
- E.- Propiedades particulares;
- S.- Monte "MONTEIRO", LU-3089 y
- O.- Monte "DE ALVAREDO", 2716544.

Monte "VALIN FOLGUEIRO E REGO DO VAL".

Límites:

PARCELA I.-

- N.- Propiedades particulares;
- L.- Propiedades particulares;
- S.- Propiedades particulares e
- O.- Propiedades particulares e monte "LAMEIRAS DA CURRADA E SEARA DAS BOUZAS", 2717506.

PARCELA II.-

- N.- Monte "MONTEIRO", LU-3089;
- L.- Propiedades particulares;
- S.- Propiedades particulares e
- O.- Propiedades particulares e monte "MONTEIRO", LU-3089.

PARCELA III.-

- N.- Monte "MONTEIRO", LU-3089;
- L.- Propiedades particulares;
- S.- Monte "MONTEIRO", LU-3089 e
- O.- Monte "DE ALVAREDO", 2716544.

PARCELA IV.-

- N.- Monte "LAMEIRAS DA CURRADA E SEARA DAS BOUZAS", 2717506;
- L.- Propiedades particulares;
- S.- Monte "MONTEIRO", LU-3089 e
- O.- Monte "DE ALVAREDO", 2716544.

- - - - -